


ANO XI

Nº 10

AGOSTO 2019



ALLCATORUN



ALCATRUZ



AGOSTO 2019

Nº 10

Año XI

SUBVENCIONAN:



Foto Portada:

Coche circulando pola rúa Méndez Núñez de Maceda 1924

(Act. rúa Aureliano Ferreiro)

EDITA:

A. C. "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez

Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

José Luis Rodríguez

MONTAXE:

Yolanda Lloves Álvarez

COLABORACIÓNS:

Santiago Prol

Maribel Fernández Suevos

Juan Prol Quintas

José Manuel Lage Parente

Consuelo Otero

M^a Carmen Aldemira Requejo

Milagros Aldemira Requejo

Pilar Aldemira Requejo

M^a Emma Isabel Pelayo López

Xosé Parente Durán

Ramón Villar Prol

Xoán Babarro González

AGRADECIMENTOS:

Francisco Nóvoa Rodríguez

Antonio Pérez Guede

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (XI)	3
A bendición dos campos	6
Himno Galego	9
Atención sanitaria en Maceda (S. XX)	12
Lembranzas da escola de Calvelo	15
Ao pé de Maceda:	
Lembranza dunha excursión	20
Pasatempos	23
Laídos no aire!	24
San Mamede, a serra que nos deu a vida .	27
O forneiro das Chás	32



LIMIAR

Entre os fins fundacionais da asociación cultural Aira das Mantas está a divulgación dos diferentes aspectos ligados á antropoloxía e á historia do val do Medo, pero temos que pensar que as divisións administrativas actuais datan de mediados do S. XIX, polo que todo o que pode percorrer a nosa vista interactuou sempre na formación da historia de todas as xentes, dende os castrexos ata a actualidade.

Dar a coñecer a nosa historia sen ter en conta, por un lado, a historia dos Mosteiros que nos rodean sería visión truncada, pois un terzo do que é hoxe o noso concello pertencía ó Mosteiro de Montederramo, outro terzo ó de Xunqueira de Espadañedo e outro ó de Rocas e mais ó de Asadur. E, por outro lado, as casas nobres: a dos condes de Vilar de Cas, de Bustavalle, de Maceda e, por suposto, sen esquecermos do Santuario dos Milagros, as termas de Molgas, as Romarías, os Felos, os Fiadeiros, os Reinados...

Neste labor editorial ofrécesenos a posibilidade de afondar un pouco máis no obxectivo de dar a coñecer a nosa cultura, sen as fronteiras administrativas, profundando na memoria das nosas xentes e procurando achegar a calquera que queira sumar e aportar nesta viaxe que agardamos sexa longa.

“Porque a verdadeira tradición non emana do pasado, nin está no presente, nin se albisca no porvir, non é serva do tempo. A tradición é a alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entrañas graníticas do noso chan. A tradición non é a historia. A tradición é a eternidade” (CASTELAO)



VESTIXIOS DOS NÓSOS DEVANCEIROS (XI)

Santiago Prol

“Debrúzome na hora do caer da tarde, / no antepeito do balcón da Serra, / e gózome en ver o val galego / como docemente topenexa. / Bárbaros progresistas da cidade, / trepade a gusto que dormita a aldea. / Non sabedes o que é durmir un sono; / un brando sono, sen tropel de ideas” (X. L. Parente)

O 10 de febreiro de 1936 publicouse en *Heraldo de Galicia* un manifesto asinado por Vicente Risco, polo poeta Xosé Lois Parente e por oito compañeiros máis. Consumábase a escisión do sector ultra católico do Partido Galeguista [PG] de Ourense, que se escoraba cara a Dereita Galeguista, xa constituída en Pontevedra arredor de Filgueira Valverde: *“Uns cantos galeguistas de fonda convicción, opostos a todo o que atente contra os fundamentos da sociedade e cultura tradicionais de Galiza, diríxense á conciencia dos seus compatriotas (...). Afirmamos a substancialidade da nosa cultura enxebre, da nosa estrutura social autóctona e dos intereses morais e materiais do noso pobo labrego e mariñeiro, coa concepción católica do mundo e da sociedade, que conforma a cerna e a raíz da auténtica tradición galega. Proclamamos a supremacía espiritual da Eirexa, a autonomía cultural, económica e política de Galiza e a afir-*

manza da súa personalidade étnica e lingüística” [Prol: 2006].

Non asimilaram a entrada do PG na Fronte Popular, candidatura da que formaba parte Benigno Álvarez pola circunscrición ourensá con Alexandre Bóveda, Martínez Risco, Alfonso Pazos, Manuel Suárez e Fuentes Canal. O Partido Comunista [PCE] colocara 21 cadros nas candidaturas da Fronte Popular con posibilidades de obter escano. Benigno amosou forte protagonismo dende o 31 de xaneiro por vilas e aldeas da provincia. A Garda Civil tiña orde de cuantificar a súa capacidade de convocatoria e o contido das intervencións que axiña lle remesaba por telegrama ao gobernador civil.

O 14 de febreiro [dous días antes das eleccións xerais], no local da Sociedade Unión de Agricultores de Maceda, celebrouse un acto de propaganda da Fronte Popular no que tamén participaron Alexandre Bóveda e Alfonso Pazos. En Ourense ganaron

as dereitas nas eleccións do 16 de febreiro [a nivel xeral triunfou a Fronte Popular]. A maioría das actas da provincia foran impugnadas. O día 20 daquel mes Benigno Álvarez, Alexandre Bóveda e outros líderes frontepopulistas conseguiran mobilizar miles de persoas chegadas de toda a provincia, que remataron a protesta na Praza Maior da capital ourensá. Fixeran enérxicas intervencións para que se repetisen os comicios naquela circunscrición.

O 7 de marzo houbo unha sesión extraordinaria no salón de plenos do Concello en Maceda. Os comunistas entraban naquela administración local por primeira vez, mesmo con responsabilidades executivas. Por orde do gobernador foran suspendidos os concelleiros da corporación -agás Casado Arnáez-, “por non responder aos desexos da opinión pública, atopándose en aberta contradición coa vontade popular, manifestándose ostensíbel nas pasadas eleccións

do 16 de febreiro. A continuación nos seus cargos orixinária graves desordes públicas, redundando en prexuízo dos intereses xerais e locais”. Pedro Requejo -o rexedor destituído- fixo constar a súa “máis enérxica protesta”, xa que logo a corporación que el presidía fora a máis democrática, “conformada por elección popular e por ser completamente falsa e calumniosa a denuncia” [Prol: 2008]. A sesión extraordinaria do 8 de marzo presidiuna -por delegación- o secretario do concello Emilio Ramos. Nomeouse unha comisión xestora que elixiu aos novos cargos con persoas na órbita de Izquierda Republicana [IR], PSOE e PCE, con Manuel Casado Arnáez [IR] como alcalde. O 14 de abril de 1936, na conmemoración do V aniversario da proclamación da II República, na manifestación convocada na vila de Maceda, brandiuse unha bandeira vermella con fouce e martelo que non complaceu a mestres calvosotelistas que se retiraron do acto.

Benigno Álvarez fora elixido, o 5 de abril, presidente dun sindicato agrario na órbita comunista, a Federación Campesíña Provincial de Ourense, con forte implantación en Maceda e contorna. Recuperara a praza de inspector

veterinario de Maceda e a de inspector pecuario de Esgos [que só atendería a tempo parcial]. O 30 dese mes de abril saíra elixido compromisario pola circunscrición ourensá con 85.996 votos para formalizar, xunto cos deputados electos o 16 de febreiro, o nomeamento de Manuel Azaña como novo presidente da República. O 10 de maio explicitou o seu voto no Congreso [na xeira republicana o Estado era unicameral -non existía o senado-].

Na vila de Maceda celebrouse o Primeiro de Maio [día da clase traballadora] con éxito malia o boicoteo da



extrema dereita local. O 30 de abril daquel trepidante 1936, entregaran no rexistro do concello un documento os presidentes da Sociedade de Profesións e Oficios Varios, Unión de Agricultores e do Radio Comunista de Maceda. Pedían formalmente autorización para celebrar, ás 11 horas, unha manifestación coas bandeiras das sociedades e cunha banda de música: “*Farán uso da palabra*

Valentín García, Lisardo Leal e Baltasar Vázquez, a cuxa terminación se disolverá”. Ese mesmo día Francisco Movilla, presidente da Sociedade de Profesións e Oficios Varios de Maceda, entregou no concello outro manuscrito no que se queixaba das manobras que tramaban as xuventudes das JONS para rebentar os actos. O documento enmarca o ambiente polarizado da vila: “*Circulan insistentes rumores de que varios mozos van entorpecer e provocar a pacífica manifestación obreira. Proxectan unha contramanifestación fascista, mesmo con emblemas e camisas alusivos, buscando o xeito de alterar a orde pública. Solicitamos desa alcaldía poña bandos prohibindo esa contramanifestación ilegal, facendo responsábeis aos respectivos proxenitores*” [Prol: 2008]. As JONS fusionáranse coa Falanxe en febreiro de 1934. En maio de 1936 estaban ilegalizados. Porén, as súas xuventudes intensificaban a estratexia da desestabilización.

Benigno Álvarez implicouse a fondo e compartiu mitins co galeguista Alexandre Bóveda a prol daquel “estatuto de mínimos” que inicialmente rexeitara. O veterinario comunista vindicou naquela campaña plebiscitaria o dereito de autodeterminación.





As esquerdas e os galeguistas de Maceda amosaron capacidade de mobilización cun mitin masivo que se fixo dende os balcóns do Café do Adelino Fontela [actual Cafetería Castillo do Cesáreo Borraro]. Nel participaron Benigno Álvarez, Xosé Lois Parente e Fuentes Canal. Na circunscrición ourensá os votos afirmativos superaran o 70%. En Maceda votaran a favor do Estatuto de Autonomía 2.938 persoas.

Falanxistas financiados por calvosotelistas fomentaron encontróns cos comunistas. Dexenerou en violencia extrema por ambas partes. O 7 de xuño caeron mortos no Café La Bilbaína de Ourense dous membros do PCE. Benigno Álvarez estaba no

punto de mira do falanxismo dende había tempo. Demográficamente o Concello de Maceda tiña peso no contexto da provincia abeirando os 6.000 habitantes, cando a capital non chegaba aos 25.000. Había afervoados mitins nas feiras. Tamén mobilizacións de obreiros, folgas de gandeiros e labregos, conflitos sociais e antagonismos que foron a máis. O Partido Galeguista estivera liderado polo polifacético telegrafista, farmacéutico e xurisconsulto Xosé Lois Parente até febreiro de 1936, que se escorara seguindo ao seu “catequista de amor á aldea, don Vicente Risco” [Parente: 1933]. Benigno Álvarez militara no Partido Republicano Radical Socialista [PRRS] até o verán do 1931 con relevantes cadros locais. Algúns rematarían en Izquierda Republicana. Outros inseríanse no PSOE [o socialista Valentín García -home ilustrado, fillo do organista dos Milagres e panadeiro de pro-

fesión- carteábase con Manuel Azaña e con Largo Caballero]. O paso do veterinario de Maceda ao PCE conmocionara aos poderes fácticos locais.

Aínda que os falanxistas seguían ilegalizados en xullo de 1936, as provocacións das súas xuventudes eran constantes. O luns, 20 de xullo, fora un día de achegamento masivo de paisanos da bisbarra á vila de Maceda por mor da feira, naquela altura unha das máis importantes do ano. O murmurio do golpe de Estado por parte de destacados militares estaba presente en todas as conversas. Os xornais que chegaran á vila imprentaban noticias [algunhas confusas] sobre o movemento sedicioso. As emisoras de radio falaban do que estaba a pasar no resto de España. O infortunio axiña tomou asento na nosa contorna...

BIBLIOGRAFÍA

Parente, X. L.: *Con prisma azul* (La Región, 1933).

Prol, S.: *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República* (Postal Editores, 2006).

Prol, S.: *Benigno Álvarez, un comunista na Galiza dos anos 30* (ANT, 2008).

Publicacións periódicas: *Heraldo de Galicia, La Región, La República, La Voz de Galicia*.

A BENDICIÓN DOS CAMPOS (SANTIAGO DA COSTA)

Maribel Fernández Suevos

Os máis maiores do pobo de Santiago da Costa lembran aínda que, moraba no alto do pobo, no monte, no lugar chamado “A Cruz Grande”, moi preto dun camiño romano (a *Vía Nova* ou *Vía XVIII*), a “Cruz da Bendición dos Campos”. Unha cruz de madeira de non moi gran tamaño que desapareceu fisicamente co paso dos anos, pero non da memoria dos veciños do pobo.

A maxia e as crenzas relixiosas xogan, dende o principio dos tempos, un papel principal como aliadas do ser humano. A relación entre a agricultura

e a relixión xorde dende a necesidade do ser humano de encomendarse mediante ritos ou cerimoniais a distintas deidades propiciadoras de fertilidade e capaces de salvagardar o froito das súas colleitas fronte ás posibles inclemencias do medio. Dende a *Deusa Nai* entre os primeiros campesiños, os cales gardaban dentro das súas cabanas estatuas desta deusa, buscando así asegurar a fertilidade dos seus campos e do seu gando e, por tanto, a prosperidade dos seus fogares; ou nas culturas precolombinas, onde a maioría dos seus deuses estaban en clara relación

coa agricultura e especialmente co millo.

Co paso do tempo, estes ritos foron substituídos pola fórmula cristiá. Dentro das festas de gardar atopámonos coa “Bendición dos campos” a cal tiña unha data reservada no calendario: o día da Ascensión, en maio.

A “Bendición do Campo” é unha cerimonia relixiosa celta, relacionada coas colleitas e realizada durante a estación. Tiña unha dobre finalidade: A de ofrecer o campesiño ó Deus, o traballo e o seu sacrificio durante todo o ano e que todo ese traballo non caera en balde e



tívese recompensa en forma dunha colleita abundante.

O campesiñado celta encomendábase ó Deus, ó comezo do ciclo vexetativo dos cultivos, para alonxar así os potenciais perigos; tales que as tormentas ou granizadas, así como posibles xeadas que puideran matar ó trigo en flor, a súa base principal de sustento económico.

No mundo celta, as principais festividades eran trimestrais e estaban relacionadas coas estacións e a fertilidade agropecuaria; a de *Beltane* celebrábase o 1 de maio: lume de *Bel* ou lume belo, na honra do Deus *Belenus*: Encendíanse fogueiras e facíanse pasar os animais por entre as chamas, para libralos das pragas. A lenda di que despois de

aparearse coa Deusa *Nai Terra* e fecundala, Bel morreu para renacer como o seu propio fillo.

Belenus era coñecido tamén como *Belinus*, *Belenos* o *Belanus*. Significaba brillante, resplandecente e designaba a un deus da Luz, o Sole o Lume (todas as enerxías renovadoras). *Belenus* era o nome tanto irlandés como galo e astur. Coñecido polos irlandeses, o seu nome pasaría ás novelas medievais. As «*Baltené*», proviñan do culto a esta divindade, eran unha das grandes festas irlandesas que se celebraban o 1 de maio. Asociouse como compañeira á deusa *Sirona*.

Sirona, na mitoloxía celta, era unha deusa das sanacións, adorada principalmente no este

da Galia central e ó longo do limes danubiano. Foi asociada coas augas termais. Os seus atributos eran as serpes e os ovos e ás veces, tamén, uvas, grans ou froitas collidas nas súas mans. Ás veces represéntase xunto a *Apolo Granno* ou *Apolo Borvo*.

Os romanos reuniron baixo o nome de *Apolo* a varios deuses galos, encargados especialmente das termas entre eles *Belenus*.

En canto ó símbolo da cruz, foi empregado por distintas civilizacións con anterioridade ó seu uso por parte da comunidade cristiá, como a cruz celta. Esta é un dos maiores iconos do cristianismo nalgúns lugares de Europa, principalmente en Irlanda, onde aínda se utiliza. A máis antiga foi



atopada no Pirineo francés, data do 10.000 a.C e trátase dunha representación cun carácter máis cósmico que divino.

Na relixión cristiá, no *Antigo Testamento*, a divindade bendi sembrados e animais. O home pode bendicir, pero a fonte de toda bendición é *Deus*, de aí o seu carácter no máxico, e a cambio o home devolve a *Deus* mediante o sacrificio, o mellor que tén, isto é as primicias dos campos e dos rebaños. A bendición sería unha confesión pública do poder e xenerosidade de *Deus*, como un favor concedido por *Deus* ó home atribuíndolle boa sorte. Este sentido cambiará co advenimento de Cristo. No *Novo Testamento* Cristo é en si mesmo a suprema bendición e a súa Igrexa recibiu a facultade de bendicir na medida en que lle otorgou o *Espírito Santo* cos seus dons de rexeneración, fecundidade, vida, paz...

Esta mestura entre pagano, fantástico, cultural, social e relixioso aparece de novo en forma de procesión e rosario todos os anos, dende o 2014, o día da Ascensión, no pobo de *Santiago da Costa* cando, tras terse perdido a tradición coa desaparición da cruz primitiva había máis de 50 anos, e facendo viva a memoria do pobo, Jesús Carrera Conde deu forma a unha cruz de castiñeiro de catro metros e medio de alto. Cruz que portaron os veciños do pobo, en rigorosa cerimonia ó lugar que lle corresponde, a uns 500 metros da igrexa parroquial. Alí, xusto debaixo da cruz, enterraron unha caixa contendo o periódico do día, un pendón ou escapulario, unha moeda de dous euros e os nomes dos veciños máis maior e máis novo do pobo. E así, xunto ó crego da parroquia naquel intre, Carlos Prieto, que cumpriu co antigo ritual de bendicir as colleitas, os fregueses fixeron rogativas a *Deus* para recibir as distintas grazas ou favores, no nome do *Pai*, do *Fillo* e do *Espírito Santo*.



Maceda vista dende
Santiago da Costa



HIMNO GALEGO

Lorp Q

Un sábado, ledo e soleado, collín o libro do himno galego desexoso de aprender

monios.

O himno tén un vocabulario moi rico e de moita va-

brava paixase do mar e dos montes de Bergantiños ou o que é o mesmo, a natureza.

Himno de Galicia (Os Pinos)

Eduardo Pondal
 Pascual Veiga

tomapartituras.wordpress.com

The image shows a musical score for the Galician national anthem, 'Himno de Galicia (Os Pinos)'. It is written in 3/4 time and consists of three staves of music. The first staff starts with a treble clef and a key signature of one flat (B-flat). The second staff begins at measure 6, and the third staff begins at measure 12. The music is a simple, rhythmic melody.

algo del e mais da súa historia.


Na 1ª páxina xa me decatei de varias cousas importantes: O himno é o símbolo acústico máis solemne e transcendental de Galicia como comunidade política, reflectindo o ambiente social e cultural desta como un dos máis importantes testi-

riedade, froito isto da reflexión moi profunda levada a cabo por Eduardo Pondal, inspirándose na



O himno deuse a coñecer o 20 de decembro de 1907 no “Gran Teatro” da Habana (Cuba). Estreouse e foi declarado pola Xunta Xeral do Centro Galego “Himno Galego”.

Este himno, a partir daquelas datas, xa lonxanas, foi interpretado milleiros de veces xa

Eduardo
Pondal

por individuos concretos xa por coros, orfeóns e tamén por moitas bandas.

O poema “*Queixume dos pinos*” título da composición de Pondal, téñ 10 estrofas, das que só se cantan 4, quedando reducidas a 2 en épocas de restrición intelectual e cultural.

Está escrito en octavillas

italianas con versos heptasílabos libres, o 1º e o 5º agudos, rimando entre sí o 4º e o 8º e formando pareados o 2º e o 3º.

O poema semella un monólogo, mais non, trátase dun diálogo impreciso no que unha parte escoita

Pascual
Veiga

atentamente o que di a outra. A música do himno

foi composta por Pascual Veiga, sendo este quen de coordinala coa letra, dun xeito sublime.

A súa intención considéramola como a de ser un himno redentor que pretende sacar a Galicia (mediante os ánimos da letra) do estado de frustración no que se atopaba. Esta finalidade, pódese afirmar sen medo a trabucarnos, é intrínseca a todo himno, para darnos conta de que por moi pouco que coidemos ser temos o noso valor. Algo que non foi creado por unha coincidencia senón porque somos importantes como rexión e individualmente tamén. Así pois “traballemos e esforcémonos por ser importantes e mellores cada día”.

CENTRO GALEGO
na Habana

OS PINOS

Que din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?
Do teu verdor cinguido
e de benignos castros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
o noso ronco son,
mais só os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.
Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as nosas vaguedades
cumplido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán
Nazón de Breogán
Nazón de Breogán



ATENCIÓN SANITARIA EN MACEDA (S. XX)

José Manuel Lage Parente

Estas breves biografías de profesionales sanitarios en Maceda durante o século XX xustifican a creación do Museo do médico rural. Resaltamos que nese período sempre houbo un médico nativo da vila, exercendo a súa profesión.

MÉDICOS (S. XX)

Dr. D. RAMÓN BÉRMUDEZ TRASMONTÉ (1889-1969)

Naceu en Maceda. Licenciado en Medicina. Exercía a principios do século a súa profesión en Maceda; posteriormente



trasladouse a Puebla de Trives, onde foi forense e médico APD, deixando un gran recordo nesa vila.

Dr. D. JOSÉ BÉRMUDEZ TRASMONTÉ (1893-1946)

Nacido en Maceda e irmán do anterior. Traballou toda a súa vida profesional no seu pobo: antes, durante e despois da Guerra civil.

Morreu en Maceda. O seu funeral foi tan grande que semellaba un día de feira; todo debido á súa xenerosidade e bo traballo profesional.



Dr. D. GONZALO PARENTE DEL RIEGO

Nacido en Maceda a finais do século XIX, onde practicou a medicina antes da guerra civil. Posteriormente trasladouse a Vilar de Barrio e continuou coa súa profesión na provincia de Pontevedra. Era irmán de Xosé Luís Parente (farmacéutico, avogado, telegrafista e poeta).



**Dr. D. CLAUDIO MOVI-
LLA CARNEIRO (1901-
1959)**

Fillo de Abraham Movilla Jiménez que foi o primeiro Practicante de Maceda, tamén tiña unha farmacia.

Estudou na Universidade central do hospital San Carlos de Madrid, tendo como profesores a Megrín (Fisioloxía), Marañón (Medicina interna) e Vital Aza (Tocoloxía). Especializouse en Tocoloxía e enfermidades específicas para mulleres.

Practicou a profesión de doutor en Maceda durante a década de 1940 e despois mudouse a Castro Caldelas.



**Dra. D^a. MARÍA VISITA-
CIÓN BLANCO PÉREZ
(1921-1991)**

Naceu en Francos (Ma-

ceda). Graduouse na Universidade de Santiago de Compostela en 1945, sendo a única muller da súa promoción. Ó finalizar, foi a Salamanca a especializarse en Pediatría, ata que en xullo de 1947 chegou a Maceda, practicando como médico ata mediados de 1955, data en que se mudou a Badajoz co seu marido o Dr. D. ÁNGEL QUINTANILLA ULLA, exercendo xunto a el ata a súa xubilación. Morreu nesa cidade en 1991.



**Dr. D. MANUEL BLANCO
PÉREZ**

Naceu en Francos (Maceda), en 1925. Aprobou a oposición de médicos titulares a mediados dos anos cincuenta.

Practicou a súa profesión en Tordoia (A Coruña)

e logo mudouse a Bocigas de Perales (Soria). En 1954 foi nomeado médico titular de Maceda, onde practicou a súa profesión con total dedicación aos enfermos, ata a súa xubilación en abril de 1990. É apreciado con gran cariño polos veciños da contorna, tanto polo seu traballo como pola súa calidade humana.



**Dr. D. MANUEL PAS-
CUAL LAGE (1932-2015)**

Nacido en Maceda. Practicou toda a súa vida profesional na súa terra, dende 1959, combinando a posición de doutor de Paderne de Allariz e unha consulta privada en Maceda.

Dende 1990 ata a súa

xubilación en 2008 foi médico titular na súa vila.

Foi Alcalde, Presidente do club de fútbol e proposto para a medalla ó mérito no traballo de Galicia (finalista).

Morreu en 2015 en Maceda, deixando un recordo inesquecible nos seus veciños pola súa “macedanía”,... e a súa impecable dedicación á profesión, así como saber darlle un aire de modernidade á consulta do médico rural.



Dr. D. JOSÉ MANUEL LAGE PARENTE

Naceu en Maceda en 1951. Traballou como médico titular en San Xoán de Río (Ourense) en 1976, deixando unha profunda

pegada na medicina rural.

Tras catro anos de formación hospitalaria (MIR), nos hospitais de Monte Toro (Balears) e Juan Canalejo (A Coruña), obtivo por oposición o posto de médico en Maceda.

Participou na primeira promoción da medicina familiar e comunitaria de España. De 1980 a 2017 practicou a súa profesión médica en Maceda.

Paga a pena notar a súa proximidade aos enfermos, o desexo de traballar en equipo (primeiros médicos para integrarse a centros de saúde) e o seu espírito de formación continua, participando en Congresos, Estudos de investigación, Conferencias,... a nivel nacional e internacional.



APÉNDICE

Dr. D. INDALECIO VIDAL LOMBÁN (1904-1967)

Naceu en Maceda e morreu en Ourense.

Licenciado en Medicina e Cirurxía na Universidade de Santiago. Era o estudante favorito do Dr. Novoa Santos. Trasládouse a Madrid e especializouse en Dixestivo e Radioloxía.

Como un grande erudito, con amplos coñecementos noutras especialidades como a Hematoloxía e os tratamentos de Fisioterapia centrados principalmente en deportistas. Grandes figuras da medicina da época, Novoa Santos, Medinabeitra e Jiménez Díaz, animárono a traballar con eles, pero decidiu establecer a súa consulta na Avda. Buenos Aires, nº 117 en Ourense, preto do seu irmán Rafael Vidal (farmacéutico) que exercía na farmacia de Juan Vidal.

Estableceu unha clínica anos despois na rúa Celso Emilio Ferreiro, pioneira da época: con dous despachos, unha sala de espera, unha sala RX, unha sala de exploracións, un laboratorio, unha sala de correntes e curas e unha sala de revelado.

Tamén tivo o primeiro dispositivo RX portátil na provincia de Ourense. Este dispositivo foi cedido pola súa familia ao Museo do médico rural de Maceda.



LEMBRANZAS DA ESCOLA DE CALVELO

Consuelo Otero

En Calvelo non había escola, ó principio só había unha en toda a parroquia e estaba en Zorelle. A mestra era de Maceda, chamábase D^a Segunda. Daquela, nos pobos había moita xente e claro moitos rapaces e rapazas, pois había matrimonios que tiñan ata

doce fillos, outros oito ou nove, os de menos tiñan catro ou cinco, motivo polo cal foi necesario poñer escolas nos pobos.

En Calvelo alugaron unha casa cun local grande, para dar as clases, e dúas habitacións, con dereito a cociña, para vivir o mestre. Esa casa era a

do tío José da Cutareira, a chamada antigamente casa dos Fidalgos. Aló, polo ano 1933, tivo Calvelo a primeira escola. O mestre era de Esgos, chamábase D. Sergio Murias, ó que eu lembro como un bo mestre, xa que non contando co material que lle cumpría para nos

Casa dos fidalgos, primeira casa particular na que se deu escola en Calvelo.



aprender, era capaz de improvisar e así recordo como debuxaba un mapa na terra (nun oco entre os palleiros da aira) para impartir as clases de xeografía.

D. Sergio viña desde Esgos, e ó non ter coche propio e a comunicación no coche de liña ser deficiente facía que moitos días faltara á escola. Sucedendo un día que se presentou a inspectora (todos os anos facía unha visita) e D. Sergio non viñera, así que pillou a escola pechada e unha señora (das que non faltan nos pobos) acusouno de que faltaba bastantes días. A inspectora defendeuno, pero seguro que logo lle debeu botar unha boa bronca!

Cando empezou a guerra, a D. Sergio foi dos primeiros que alistaron e quedamos sen mestre. Esas prazas cubríronas con mestras feitas de présa e correndo.

A Calvelo mandáronnos unha chamada D^a Lucita e traía con ela unha irmá que era o calvario dos rapaces, pois era unha mecosa; por calquera bobada ameazábanos con que llo

dicía a D^a Lucita. Daquela, os mestres e as mestras pegaban e castigaban. Cando viñan tomar posesión da praza, o primeiro que lle dicían as nais era: “*vostede péguelle, se tén que facelo!*” e pegaban e castigaban, vaia se o facían! Tiñan unha vara, que os parvos dos rapaces, cando viñan de novo, levábanlla moi “labradiña e moi preparada!” e de cando en vez estreábana neles mesmos. Ai, inocentes deles....! Nunha ocasión, os rapaces xa grandíños, rompéranlle ó pai da Asunción as portas do patio da casa (que dicían eran de cerne de carballo). A mestra castigounos unha semana a estudar de xeonllos, alí en corro arredor dela. A min déronme unha vez con ela, no alto do ombreiro, ó lado do pescozo, que aínda é hoxe que me acordo e me doe! E isto só, porque nos mandara escribir a lección que leramos e debiamos facer o debuxo que había nela e a min ocorréuseme calcalo na libreta; entón, veu por detrás, pilloume descoidada e deume coa vara! Podo dicir que me valeu, pois en todos os

anos que fun á escola non volvíñ levar outro varazo igual!

Tamén me lembro cando, D^a Lucita, nos levou a Maceda a manifestarnos celebrando a ocupación de Madrid na guerra!

O mestre Murias perdera un brazo na guerra e cando acabou esta pasou moitos anos sen incorporarse, mais a praza da escola seguía sendo del e, por isto, estivemos ano tras ano acostumándonos a distintos mestres e mestras.

Así foi que chegou outro distinto, D. Enrique. Estaba casado e tiña un fillo que se chamaba Luisito (era moi riquiño), nós queríámoslle! El era un neno e nós (refírome ás miñas compañeiras) xa eramos grandes. Ó Luisito, o seu pai tíñao na nosa sección, dáballe as mesmas lecturas, as mesmas contas en matemáticas,... ou sexa tíñao moito máis adiante do que debía, penso eu. Nós eramos grandes e el era un neno! O mestre sentábase con el, no banco, e explicáballe ou ben llo facía el mesmo!

Luisito, cando o pai se



despistaba ou se movía para outro lado, ensinábanos o resultado e nós, cando o sabiamos, tamén llo pasabamos a el; por iso lle queriamos.

A partir disto cambiaron moitas cousas, pois era un matrimonio cun fillo que vivía no pobo e as mulleres empezaron a actuar, a facerlle regalos: unhas levábanlle unha cesta de patacas, outras unha ducia de ovos, outras verduras,...; pero cando llo levaban tamén levaban ós seus fillos con elas e lle dicían: “míreme por ela” e D. Enrique facía diferenza, eu notábao. Nós, como o

papá era un home viúvo non lle levaba nada ó considerarse isto cousa de mulleres, polo que eu que estaba sentada no primeiro banco cunha compañeira, o mestre miraba o que facía ela e o meu non o miraba nunca!; mais a min metéuseme entre cella e cella que nunca ía ir ela máis adiante ca min e abofé, coido, que o conseguín! Ós mestres, a verdade é que a paga lles chegaba a pouco, e menos cando dela tiña que vivir un matrimonio cun fillo, así que todo o que lle daban ben lle viña!

E, seguindo coa tónica

doutros cursos, tivemos logo outro mestre. Este era de Piúca, chamábase D. Secundino Rubín, era fillo dun matrimonio que mataran os atracadores, era moi severo pero aprendíanos moi ben.

Outro que veu era de Maceda. Moi bo, chamábase D. Agustín. Este dábatche una explicación tan clara (sobre todo en matemáticas) que che quedaba para sempre! Despois creo que foi para Santiago.

O tío José, o dono da casa onde estaba a escola, tiña moitos fillos e necesitaba toda a casa, así

que solicitou que quitaran dela a escola, polo que h o u b o necesidade de buscar outra. O noso pai acababa de facer unha casa pegada á que tiñamos e convencérono para que a alugase para escola e así foi a escola para a nosa casa e aínda hoxe se lle chama a casa da escola, pero



Segunda casa particular usada de escola de Calvelo, no piso de arriba.



Casa escola pública de Calvelo:
piso arriba mestra, piso abaixo
escola

ó non haber vivenda viñan mestres de cerca.

Agora vou falar dunha moi boa mestra, chamábase D^a Luisa, eu non fun á escola con ela O primeiro día de escola botounos fóra ós que tiñamos máis de catorce anos (eu nacín no 1930).

A escola agora era na nosa casa e D^a Luisa vivía con nós. O meu pai alugoulle unha habitación con dereito a cociña. Como xa dixen, esta mestra foi moi boa (aínda botándonos fóra), pois os sábados (como non había escola), ás rapazas, aprendeunos a coser e bordar e ós rapaces que estaban algo

atrasados axudáballes. A algúns fíxoos uns artistas! Lembro que fixeron na escola unha obra de teatro que foi unha marabilla! Aprendeunos a traballar e a cantar!

Recordo unha cantiga moi divertida que dicía:

*Marica rifou con Chinto /
na carballeira dabaixo /
porque lle quitou un toxo /
que levaba no refaixo.*

*Marica rifou con Chinto /
na carballeira darriba / por-
que lle quitou un toxo / que
levaba na barriga.*

E moitas máis que non recordo.

Logo casou cun home

que tiña comercio en Ourense e entón deixou a escola, tivo catro fillos, tres deles formaron o grupo “Os Suaves”, de moita sona internacional.

A praza da escola seguíalle pertencendo ó mestre Murias e acabaron por obrigalo a renunciar ou a reincorporarse. El era de Esgos, pero alí había un mestre de Bustavalle, Don Nicanor Rodríguez Segade. O caso é que se puxeron de acordo e permutaron, Murias quedouse en Esgos e Don Nicanor veu para Calvelo.

Don Nicanor era especial, facía cantar a todos (daquela eu xa non



ía a escola) a táboa de multiplicar e mandaba á Maruja que saíra fóra para ver que tal sonaba.

NOTAS REFERIDAS E DOCUMENTADAS

A escola de Zorelle aparece datada xa en 1907.

Gaceta de Madrid (Núm. 84 - Madrid, 7 de Marzo de 1911): Piuca, Soto y Casonel, se separen del distrito escolar de Maceda y se agreguen al de Zorelle.

Gaceta de Madrid (Núm. 5 - Madrid, 5 Enero de 1933): Se cree la escuela de Bustavalle (non tivo casa propia, sempre foi na casa dun veciño).

Gaceta de Madrid (Núm. 39 - Madrid, 8 Febrero de 1933): Se creen las escuelas de Calvelo, Casasoa y El Soto.

Gaceta de Madrid (Núm. 47 - Madrid, 16 Febrero de 1933): reorganiza escolas da parroquia e convérteas en mixtas: El Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Maceda (Orense), solicita la modificación del actual distrito escolar de Zorelle, formándose cuatro

distritos: el de Zorelle, con la actual Escuela de niñas; el de Bustavalle, con la de niños, que hoy viene funcionando también, y los de Casasoá y Calvelo, con una Escuela mixta para cada uno servida por Maestro.

La Inspección informa favorablemente y opina que, dada la estructura de la población- adscrita al distrito, de Zorelle, es mejor para la enseñanza que las Escuelas, de niños y niñas actuales se conviertan en mixtas, desempeñándolas los mismos Maestros que las regentan,, así como la creación de las nuevas Escuelas ,El Consejo entiende que procede acceder a la modificación o. sea que las Escuelas existentes se conviertan en mixtas, estableciendo, la que está a cargo de Maestro en el pueblo de Bustavalle, para este punto solamente, y la servida por Maestra emplazarla en Zorelle para este pueblo y el de Vilarellos y en cuanto a la creación de las otras Escuelas que pase el expediente a la Sección de creación correspondiente a los efectos que procedan, prconstar allí la petición y

el compromiso del Ayuntamiento de proporcionar locales, material escolar y habitación de los Maestros.

Y este Ministerio, de acuerdo con dicho dictamen, se ha servido resolver como en el mismo se propone.

Lo digo a V. I. para su conocimiento y efectos. Madrid, 4 de Febrero de 1933.

Boletín Oficial del Estado, 25 de Enero de 1980: créase o grupo escolar en Maceda e suprimen as escolas de Calvelo, Baldrey, Barxela, Bustavalle, Casasoa, Caseta-Celeirón, Celeirón, Couzada-Santiago da Costa, A Costa, Escuadro, Xinzo da Costa, Outeiro da Torre, Pías-Castro, Piuca, Sarreaus- Santa María de Tioira, Santirso, Tioira, Vixueses-Bascós e Vilardecás.

CASAS-ESCOLAS QUE HOUBO CO CONCELLO DE MACEDA

Pías, Celeirón, Casetas, Xinzo da Costa, Piúca, Escuadro, Casasoá, Calvelo, Baldrei, Tioira, Maceda e Castro de Escuadro.

AO PÉ DE MACEDA: LEMBRANZA DUNHA EXCURSIÓN. MONUMENTO AO GARDA FORESTAL

Lorp Dic


Non hai moitos anos, a paisaxe da Limia Alta foi moito máis selvosa que na actualidade, e está conformada gran parte, por masas arbóreas forestais xunto con baixas matogueiras e certas zonas de árbores secas ou queimadas. Torrentes e ríos de curso curto sucán no medio de amieiros o val, en tanto que a copa dos castiñeiros, reflíctese na auga dos regachos que circundan os poboados.

A beleza paisaxística da Comarca de Maceda,



Val de Maceda

cando cadaquén a descobre e contempla desde as alturas do Rodicio, ou a Serra de San Mamede, é inusitada e incomparable. No medio dunha exuberante foresta, as xentes fóronse aclimatando nos seus traballos agrícolas, artesáns e mercantís, testemuñando así a loita implacable contra a carencia, e para un modesto pasar. Co seu ambiente espazoso e tran-



ceda, no medio da comarca da Limia Alta, a maneira de ser das súas

xentes, algo peculiar, diferente, e poida que, aínda non chegásemos, a interpretar e definir esta diferenza.

quilo van xurdindo cada vez máis construcións modernas; sendo a presenza de Ma-

Os regatos, descendendo das serras circundantes, cos seus cantos e voces misteriosas, compoñen harmónicas sinfonías nos dispersos poboados, e na vila, deixando impresos estraños caracteres dun bucólico benestar intraducible nos observadores atentos, e isto fai que sexa unha comarca de formas sorprendentes pola exis-



tencia dunha agradable vexetación, e onde a vista e mais a imaxinación de temperamentos poéticos, expansiónase e apaixona, á vez que queda un ensimesmado polos rumorosos e sonoros ecos da fisonomía harmónica deste val singular. E aquí neste recuncho galiciano, ao pé de Maceda, levántase un monumento ao garda forestal; home de profesión que debe desenvolver a súa actividade no medio dos bosques e da foresta, para a mellor conservación das masas arbóreas e o equilibrio ecolóxico. Con todo, a austeridade do garda forestal, dun tempo para acó, vese sobresaltada, e en constante intranquilidade polo fenómeno incendiario, que ano tras ano, tanto en vales como nas alturas, inflama de fogueiras os piñeirais e carballeiras da nosa terra galiciana.

E ansioso desde había tempo, por descubrir un tanto, o traballo do garda forestal, e na súa diaria actividade, para poder dalgún modo captar certas vivencias, crin necesario solicitar autorización, e

deixarme logo acompañar dun membro da brigada ICONA da próxima localidade de Arnuide (Vilar de Barrio), e ascendendo os cumes da serra de San Mamede, e merodeando logo, por vales e estreitas gargantas, dunha e outra cara da serra de San Mamede, fun avistando paisa-



xes e pobos, tan típicos como Rebordechao, e a silueta do posto de vixía de Petarós, xa no páramo de Toro de Laza, con vistas cara ás terras de Correchoso, Navallo e Tamice-las, deixando desde as alturas perder a vista, cara ás verdes pradeiras do reducido val de Soutelo Verde. E circundando serras e embutido en estreitas pistas, algunha tan coñecida por nome tan significativa, como pista do “marroquí”, chegamos a recalar no paradisíaco pobo de Prado, de Vilar de Ba-

rrio, na tenda de cuxo lugar, transcorrida a tarde, houbemos de reconfortarnos con frugal, se ben apetitosa merenda. E aínda alí, no reducido comedor, o aparello receptor e transmisor do garda, en contacto permanente cos seus compañeiros, non deixaba ao noso invitado, tempo de

descanso. Aquela, desde había tempo, acariñada excursión, iniciada ao romper da alba dunha mañá de verán, grata e inesquecible, foino tanto, que hoxe é o día en que transcorrido certo período de tempo permanece indeleble na memoria. Puiden na-

quela madrugadora excursión, aos cumes de San Mamede observar as ruínas da ermida do santo ermitán, que deu nome á serra, así mesmo a fonte chamada do Santo, que brota e irrompe nun penedo.

Nun zigzaguear interminable, descendendo logo, os cumes, puiden avistar así mesmo, como a aguia no límpido horizonte da serra, e tras albiscar a ansiada presa, deixábase caer sobre o desprevido coello. Percibín como era o

cantar das cigarras, a pesar do traqueteo do vehículo, que entoaban o ambiente docemente solitario, á vez que a auga dalgún que outro regacho muxía e se abismaba por algún barranco, conformando leitos que se infiltraban baixo o firme das pistas.

Chamoume a atención o observar, en estratéxicos lugares do descenso da montaña, como inesperadamente o saúdo doutros gardas, xurdía docemente e era compartido polo noso

compañeiro de viaxe. Naquelas latitudes deixábase escoitar o silencio e como, ao lonxe, latexaba a civiliza-



ción. Observando detidamente, puiden entrever, no garda compañeiro, a fiel característica de sintomática e rexa personalidade, asumida polo diario contacto

coa abrupta natureza, e non obstante, exenta de malquerenza ou violencia, con todo, a queima de inmensas masas arbóreas, que lle obrigan diúrna e nocturnamente a unha vixilancia contra os inimigos do arboredo.



Guardería Forestal
1877 - 1977




PASATEMPOS

A. C. Aira das Mantas


HORIZONTAIS

1. Árbore da familia das betuláceas, que pode acadar os vinte metros de altura, de copa moi poboada, con follas arredondadas e dentadas, flores en amento, casca de cor parda e madeira de cor clara, moi dura e lixeira. Nota da escala de música. 2. Instrumento formado por dúas táboas horizontais e costados de pel, formando unha cavidade, que ao ser oprimido produce aire a presión. Parte que introduce unha obra escrita, onde se tratan cousas sobre a mesma obra ou sobre o autor. 3. Parte externa do órgano do oído dos mamíferos, situada a ambos os lados da cabeza. 4. Cabeza de gando. Parte da casa, xeralmente subterránea, ou construción independente onde se garda o viño ou outras bebidas e, ás veces, tamén onde se fai, xeralmente, para o consumo persoal. 5. Curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca mo mar, nun lago ou noutro río. Que se pronuncia sen acento. 6. Aire. 3ª persoa singular do presente de indicativo do verbo dar. Exclamación que se emprega para meter preña. 7. Conxunto de animais, polo xeral ovellas ou cabras, que viven xuntos gardados por un pegureiro. (Ao revés) Símbolo do número irracional que representa a razón constante entre a lonxitude dunha circunferencia e o seu diámetro e que ten como valor aproximado 3,14159. 8. Relato de aspecto lendaro sobre a historia dunha familia durante varias xeracións. Vapor que despiden un corpo húmido ou quente, ou que se deposita en pequenas pingas formadas por condensación sobre unha superficie. 9. Oitava letra do alfabeto galego. Arma semellante a unha frecha pequena e delgada, que se lanza coa man e se mantén un tempo voando. Símbolo do aluminio. 10. (Masculino) Persoa contratada nunha casa acomodada para ocuparse da crianza, educación e instrución dos fillos. (Ao revés) Eira. Vogal.



VERTICAIS

1. Diminuír o consumo dunha cousa. Símbolo da hectárea. 2. (Plural) Árbore da familia das moráceas, da que existen diversas especies, de follas grandes en forma de corazón, que dá como froito as amoras, brancas, vermellas ou negras. Vogal. 3. (Masculino) Que non sufriu ningunha ferida ou dano. Trato cariñoso en exceso que lles dá ás persoas e tamén aos animais que consiste en coidalas moito, cumprirlles todos os desexos, non levarlles a contra etc. 4. Vogal. Consoante. Antiga arma branca semellante a unha espada, de folla curta e ancha, cun ou dous gumes e mango para agarrala e protexer a man. 5. Porción de terra rodeada de auga por todas partes. (Ao revés) Arácnido, do que existen diversas especies, que ten na boca un par de uñas venenosas e no extremo do abdome órganos produtores dun líquido que se solidifica e converte en fío co que fabrican tea ou arañeiras. 6. Gran subida das augas dun río, que pode provocar inundacións. Vogal. 7. Sétima letra do alfabeto grego. Touro castrado, que se emprega como animal de tiro. 8. Vogal. Acción que consiste en introducir o balón na portaría do equipo contrario, e punto que se gaña con esta acción, nalgúns xogos de pelota. Artigo determinado feminino singular. Preposición. 9. (Ao revés) Darlle máis firmeza, máis consistencia a unha cousa, material ou inmaterial. 10. Procedemento polo que unha empresa despiden unha parte ou a totalidade dos seus traballadores. Cada un dos dous extremos do eixe imaxinario de rotación da Terra ou doutra esfera calquera.



SUDOKU

Enche os ocios nas filas e columnas coas cifras do 1 ó 9.

Olló!: Non debes repetir ningún nº na mesma fila, columna ou subcádrícula.

SOLUCIÓNS

POCILLO / XERRA / FUNIL / GARFO / CULLER / COITELLO / TIXOLA / FONTE / POTA / OLA

6	1	3	2	9	5	7	4	8
8	2	9	4	6	7	1	3	5
5	4	7	1	8	3	2	6	9
4	9	6	8	7	2	3	5	1
1	8	2	3	5	4	9	7	6
3	7	5	9	1	6	8	2	4
7	5	1	6	2	8	4	9	3
2	3	8	5	4	9	6	1	7
9	6	4	7	3	1	5	8	2

SOPA LETRAS

Busca 10 útiles de cocina.



LAÍDOS NO AIRE!

Xosé Parente Durán

E
S
Q
U
E
C
E
M
E
N
T
O

**Hai séculos que a terra amence
e escurece ao ritmo do sol.**

**Hai anos que o mar risca os cantís
e os bica de espuma sen desfalecer.**

**Hai moito que os montes
coroan de neve os longos invernos.**

**Hai moito tempo que as fragas e touzas
ensombrecen con carballos o chan
e os regatos nidios de augas de cristal
reflicten a imaxe dos bidos ao pasar.**

**Hai anos que o luar alumea os vales
e arrinca das bocas dos lobos ouleos, e dos cas.**

**Hai xa moitas primaveras que as flores
asombran de cores e arrecendo o ar.**

Hai moito que as nais e os pais debruzados no berce

Ile falan moiniño á crianza:

**meu sol, meu filliño, cariña bonita,
bolboreta, xoaniña, caravel ou papasol.**

**E dicimos avoa, meu pai, axóuxere ou mel,
amigiño, troita, noite ou esmorecer.**

**Son verbas galegas que herdamos
das gorxas devanceiras que antes ca nós**



**falaron e lle deron forma á linguaxe
que hoxe non fai senón retroceder.
E un berro de pena guindamos ao vento,
o lamento de ver o galego tremer,
recuar e agachar anicado nas beiras
esmagado sen escrúpulos por quen o debe defender.
E o branco da bandeira da terra anuncia rendición,
a batalla perdida con cada muller ou home galegos
que cambian por outro o noso son.
E ao perdermos o idioma deixamos
nas mans doutra xente a nosa condición
de cidadáns desta Celtia vendida e negada
que chorosa non dá creto a esa traizón
perpetrada encol do seu nobre peito
polos fillos e fillas que ela botou.**



G
A
L
E
G
O
S

Nós somos atlánticos, de azul duro e frío,
e ártabros de rudos cantís e bruma en lontananza,
e medio vikingos e celtas, de terra e aire ceibo,
temos a alma sosegada e adormecida nunha morriña
 ancorada no adn
 que nos persegue e nos acompaña
 coma un trasniño fedello que fode
 pero botamos de menos se non roxe.
E ás veces esquecemos que o que temos
 foi herdado e de obrigado trasmitir
 para non deixar en mans alleas o sentir.
Fomos perdendo en faragullas de Polgariño
 o pan identitario do terruño que comeron
 os avutres carroñeiros doutros lares.
E somos afoutos desta Suevia esmorecida,
 que sen embargo non sabemos defender,
somos coma o can do labrego que non come nin deixa comer.
 E recuamos en medos inventados
 e imos perdendo anaquiños de país,
ficamos ledos na umbría sombra doutras bandeiras
 camiñamos para outro anoitecer.



SAN MAMEDE, A SERRA QUE NOS DEU A VIDA

Ramón Villar Prol

Pola fiestra da casa de miña nai vese a Serra de San Mamede, ese *palimpsesto* da nosa historia que xa non se reescribe máis, senón que esvaece ano a ano con cada alma que se vai. A súa xentiña era o sangue que nos nutría, a auga que facía medrar ao noso concello. Aínda que hai anos que se rompeu o corno da abundancia, os nosos maiores seguen a ser un cofre que garda o tesouro da nosa identidade, da nosa memoria. E se James Joyce falou un día dos seus dublinese, por que non iamos poder nós retratar aos nosos paisanos? Non son xornalista, así que non sei como facer unha entrevista, polo que cando quedei co meu veciño Luís, limitámonos a falar da vida. Agora son eu o que preme as teclas do portátil, pero esta historia é a súa historia, a de todos nós.

Cando lle dixeron a meu pai que viña a fiscalía eu non sabía nada das cartillas de racionamento nin das *requisas*. Era un meniño, e os pequenos falamos sen malicia, así

que me mandaron á casa dos veciños, pero tantas veces se contou esta historia que se fecho os ollos podovela coma se tivese estado alí.

Cando meu pai abriu a porta, entraron sen saudar:

– *¡Mucha vida hai aquí!* - dixo un dos gardas civís fitando cara ós dous porcos colgados.

– *Somos nove bocas e o ano élle moi longo, señor!* - respondeu meu pai.

– *¡Con bien menos pasan otros!* - replicou.

Nese intre, cando meu pai daba por perdido a un dos porcos, o outro dixo:

– *Anda home, imos espir a un santo para vestir a outro?*

O que falaba castelán mirouno de esguello ao tempo que se xiraba para saír pola porta,

– *¡Buenas tardes!* - dixo mentres o seguía o compañeiro.

Cando se aseguraron de que deixaran a aldea, miña nai veu na miña procura ao tempo que meus

irmáns e meu pai sacaban os outros dous porcos que agocharan baixo uns toxos.

Chámome Luís, e esa non foi a primeira vez que tivemos sorte na nosa familia. Meu irmán maior nacera no ano 1922, un ano antes de que a crise da Restauración trouxese ao cirurxián de ferro, Primo de Rivera, que seica ía solucionar os problemas do país nuns meses! Logo, parece que se lle complicou o asunto e nin a Alfonso XIII puido salvar! O caso é que en 1936 meu irmán tiña 14 anos e meu pai xa era demasiado



maior para coller o fusil. Como se estivese planeado, na miña familia acordamos todos nacer de forma que ningún fose á guerra. Eu fíxeno en 1940, en Escuadro. A vila estaba dividida en tres barrios: Fondo de Vila, Outeiro e a Eirexa, onde viviamos nós. Aínda que eran os anos da posguerra, ou da fame negra, para que se entenda mellor, nós tiñamos labranza e non se pode dicir que andasemos por aí co bandullo baleiro. Tiñamos vacas, cabras, leiras e saúde para traballar.

A única muller da casa era miña nai, así que ao ser eu o máis pequeno, tiña que axudala, mentres meus irmáns e meu pai facían os labores de labranza. Ía pola leña, subía patacas ou verzas para darlle de comer aos porcos. Ata ía lavar algunha roupa cando cadraba. Pero a min o que me gustaba era ir á escola. Tiñamos unha mestra para tódolos rapaces e rapazas da vila. Xuntabámonos nunha mesma clase, non importaba que tiveses oito anos ou catorce. Cada mestra que nos mandaban tiña o seu salario e igual que o cura tiña a súa reitoral, ela tiña a súa casa; pero non che gañaba moito, así que comía e se quentaba grazas ás esmolas que lle dabamos os



Reitoral
(Escuadro)

veciños. Un pouco de leña, algo de leite, manteiga... O de pasar fame coma un mestre de escola éravos ben certo. Non eran todas iguais. Algunhas púñanos a man enriba por calquera cousa e outras facían calceta na súa cadeira, case sen mirar para nós. A señora Delfina non era coma as demais. Se non sabías facer un problema, explicábacho ata que o entendías. Eu aprendín o mapa de Europa en menos de tres meses, coas capitais e todo! Ata descubrín que os alemáns tiñan dúas capitais: Berlín e Bonn. Creo, que se chegara a quedar dous anos máis con nós me tería feito doutor!



Casa de Luís (ao fondo)

Así medrabamos, axudando nos traballos da casa, estudando e tamén xogando. Ao *pasante* non había quen me gañase, especialmente cando lle engadamos dificultade coa gorra. Un agachaba un pouco as costas mentres os outros saltabamos por riba

deixando a nosa gorra no lombo do “burro”, que daquelas gastábanse non só entre os maiores, para logo volver de novo recollendo cadansúa sen que caesen. A *billarda* xa tiña un pouco máis de complicación, pero tamén era divertida. Non nos cumprían máis que uns cachos de pau para ter xoguetes. Ás veces nin iso! Para xogar ás *bólas* só tiñamos que coller o bugallo dun carballo e facer un furado na terra.

Se os cativos nos tiñamos que pór de acordo para as nosas cousas, os maiores tamén organizaban a vida como podían. Os cartos non eran moitos, así que se comerciaba cos froitos da terra e co traballo. Para levar as ovellas e as cabras ao monte facíase a *viceira*. En Escuadro seríamos unhas cincuenta familias, poucas con menos de oito fillos. Cada seis cabezas de gando había que



facer un día de *viceira*, é dicir, un día de pastoreo. Á mañá cedo pasaba un home, por cada barrio, tocando o corno que avisaba á xente de que estaban a xuntar aos animais. Entón os tres pastores confluían xunto á Igrexa, dende onde saían cara ao monte. Quen sabe se alá, entre os



Escola,
 act. Tanatorio
 (Escuadro)

pastos, non naceu máis dun Miguel Hernández que nunca chegou a ser famoso.

Meu avó tivera un muíño, pero como marchou para Cuba e logo non partiron a herdanza, acabou por caer sen que ningún botase man del; así que para moer a fariña tiñamos que recorrer a un veciño ao que lle pagabamos a *maquía*, que viña sendo un quilo por cada fanega que se moía.

Para facer o pan as cousas eran distintas: Tiñamos o *forno do concello*, para o que as mulleres ían pedindo vez. Como era comunal, se había que arranxalo, convocábanse aos homes a concello. Estes xuntábanse pola noite para valorar a avaría e cuantificar o que había que escotar para o arranxo. Había panadería en Maceda, pero só se se che acababa o pan da casa e cadra que estabas de paso por alí, mercabas un pouco. De pequeno case non baixei da Serra. Eran os meus irmáns e meu pai os que collían o burro e, anos máis tarde, o cabalo, para vender os froitos na feira. Dende que eu lembro xa eran o 4 e o 20 de cada mes, só que agora a do vinte pasa ao sábado e non ao luns cando cadra no último día da semana. Non sei se vivía a Serra de Maceda ou Maceda da Serra, pois como un se pode imaxinar, co que carga un animal, aínda vendendo todo o que levases, non daba para arranxar o mes. Nós comerciabamos coas aldeas da contorna: Castro, Pías e Teixeira na nosa parroquia; pero tamén en Vilar, Barxela, Santirso... Os porcos que cebabamos eran para nós, e só nos anos da fame negra tivemos que vender algún xamón.

Comerciabamos coa carne das vacas e cos excedentes da agricultura: millo, castañas pisadas... As patacas baixábamol as nun carro até a caseta do Samuel que daquela funcionaba como almacén e pagábanolas alí mesmo, de modo que non había que venderllas aos particulares. O leite non se vendía moito por aquela época. Cumpría para os becerros e tamén para consumir na casa.

En xeral, todos os veciños ían tendo un anaco de pan que comer, pero tamén che había moitos pobres e, aínda que todos nos coñeciamos, ou precisamente por iso, ninguén pedía na súa propia vila. O Lolisio de Vilar érache ben coñecido en Escuadro! Cando viña, miña nai deixábao meterse na escaleira e mandábame baixarlle unha cunca de caldo que comía sentado, alí mesmo. Os nenos tiñan menos vergonza e máis dunha vez na que saín cun anaco de pan con manteiga ou queixo, me atopaba cun amigo que me dicía:

– *Anda, déixame comer iso, que a ti dáche outro túa nai.*

Que podía facer eu? Ao fin e ao cabo non lle faltaba razón. Daquela, a vida era moi sinxela e ter con que encher a barriga todos os días era

unha fortuna! Pouco máis precisabamos. As casas eran de pedra, tiñan a súa vivenda e a súa corte. A luz dábanola o candil de gas e a calor a lareira. Non sería até 1961 cando nos puxeron a luz eléctrica. O cuarto de baño aínda tería que esperar uns anos. Sobraba monte para facer as nosas necesidades e para lavarnos quentabamos unha pouca auga nun barreño no inverno ou iamos ao río no verán.

Eu ía medrando e con iso asumindo novas tarefas. A *seitura* era un dos traballos máis duros. Antes de saír da casa había que afiar ben o fouciño na moa, pero sempre levabamos con nós unha pedra, pois a folla desgastábase con facilidade a medida que avanzaba a xornada. Iamos xuntando a palla en *mollos* para metela no carro e ao rematar levabámola á *aira*, onde quedaba preparada para a *malla*. Aquilo era un ritual máis sagrado ca santa misa. Trinta homes e mozos dun lado levantaban cadanseu *mallo* para deixalo caer, con toda a forza dos seus brazos, sobre o pan. O estrondo do golpe era o sinal para que os que estaban fronte a eles fixesen o mesmo movemento coordinado mentres os primeiros se retiraban. Con ese ritmo



musical que se estendía pola serra de San Mamede loitaban os homes para sacarlle o froito á nosa terra. O que viña despois xa era máis sinxelo. Logo de ter separada a *puxa* do *gran*, aínda cumpría quitarlle o *farelo*; así que había que cargar o burro co cereal e levalo ao muíño.

Nos anos sesenta eu xa era mozo e os xogos da infancia quedaran nese lugar no que se conservan os recordos felices, que volven coa vellez e tanto nos gusta contarlle aos netos. Pero agora o meu maxín estaba ocupado coas cousas da miña mocidade. As festas de Escuadro facíanse polo San Antonio, a primeira fin de semana despois do 13 de xuño. Para organizala había que nomear a un mordomo que ía, polas casas, pedindo o froito. Cada casa dáballes patacas, millo, castañas ou centeo que logo se xuntaban no *atrio*. Os domingos, despois da misa, facíase unha poxa con todo o recadado e cos

cartos que se xuntaba pagábaselle á banda e comprábanse as bombas para tirar o día do Santo. Logo da novena, o sábado pola tarde, viñan os músicos. Houbo algún ano que xuntamos cartos abondo para pagarlle a unha banda moi boa! Bailabamos os mozos coas mozas e tamén bebíamos. Unha cousa e a outra

ás veces desembocaba en pelexas, pero iso non é algo que vaia enzoufar aqueles recordos. Os músicos viñan das aldeas da contorna, así que os repartiamos polas casas para darlles cama e prato. Con nós sempre quedaban dous. O domingo tiñamos a misa e a banda tocaba de novo. E coma calquera festa ou romaría destas terras de Breogán, acababamos na mesa cun bo xantar!

O mundo cambiouche moito, pero no esencial da vida sempre che necesitamos o mesmo: unha lareira na que quentarnos, o bandullo cheo e alguén que nos chore o día que nos vaíamos.

A Carmen tamén naceu en Escuadro, pero en Outeiro, o barrio do medio. Como era máis nova ca min eu xa lle axudaba ao cura na misa cando a bautizaron. Pero sen darlle conta, os anos foron converténdoos en muller, a máis feita de todas! Daquela



habíache normas para todo, así que había que respectar os rituais. Eu aproveitaba para falarlle cando iamos ao monte, aínda que había sempre outros mozos, polo que só cando iamos cara aos lameiros propios tiñamos un momento para estar sós. Alí era cando podías preguntarlle se podías ir a falarlle pola noite e, se aceptaba presentábase na súa casa. Non sabería explicar por que, pero sempre fora así, os días de mozas eran os xoves, sábados e domingos. Cando tocaba, eu ía cara á súa porta e chamaba preguntando por ela. Así foi como comezamos, aínda que tardamos en formalizar!

Era o ano 1964 e España seguía mudando. O discurso oficial do franquismo falaba de milagre económico, pero para tres millóns de homes e mulleres ese milagre chamouse emigración. Os destinos no estranxeiro, eran Suíza, Francia e Alemaña. Algúns fomos directamente e outros viñeron rebotados logo de ter probado sorte nas grandes cidades do noso país. Pero, como ata na pobreza hai categorías, algúns quedaban atrapados na periferia das grandes urbes pola falta de medios e tamén pola

vergonza de volver á casa sen un can no peto, enchendo os barrios pobres de chabolas. Os galegos, que tiñamos unha terriña da que sacar algunha peseta, comezamos a fuxir da escaseza e ao ser tantos, sempre se formaban cadeas de solidariedade entre nós. De todas estas cousas e moitas máis, falabamos os emigrados en Alemaña cando nos xuntabamos.

Si, alí fun a traballar nunha fábrica de mobles. Durante aquel ano non lle escribín a Carmen,



Luís e Carmen

pero cando volví de vacacións, no verán seguinte, decidimos formalizar a relación. Dende aquelas enviabámonos cartas e viámonos de ano en ano. Mentres, Carmen estivo un tempo en Barcelona servindo nunha casa. Volvería, pero esta vez a Maceda, onde aprendeu a coser. Así estivemos até que en

1969 xa vin para casar e xa non nos separamos máis. Xuntos estivemos en Dusseldorf. Eu conseguín traballo na Mercedes e Carmen na lavandería dun hospital. Cando quedou embarazada, da nosa primeira filla, acordamos que debía nacer na nosa Terra. Viñeron as dúas, até que eu collín as vacacións. Aínda que tiña présa por saír, canto non me quereda a pequena que agardou a que chegase eu tamén para vela saír ao mundo!

Aterrei un domingo e o luns viu a luz no hospital de Ourense. Aínda volvemos a Alemaña, pero pasaran 14 anos da miña primeira viaxe e a nosa pequena xa corría e falaba sen parar. Foi no momento de escolarizala cando pensamos que xa era tempo de tornar. Era o ano 1978, coa Constitución democrática, a miña familia e mais este país comezamos unha nova etapa da nosa historia.

O FORNEIRO DAS CHÁS

Xoán Babarro González

Repartía a diario cunha furgoneta por esta contorna. A súa peculiar maneira de vender era coñecida desde Caldelas deica as Augas da Limia. Daba unha bucinada co claxon e berriba...

–Pan! Pan! Pan! Para-pan-pan-pan...!

Unha vez cobrada a peza de Cea, o quilo de fariña centea ou o que tocara, Fonso das Chás continuaba...

–Non quererás algo máis? Tamén teño historias de mou-ras, de bruxas en vasoiras, zapatos de cempés..., de xigantes..., canapés e empanadas do revés!

Os clientes, atrapados pola súa imaxinación, aínda que só necesitasen pan, acababan levando as cousas máis extravagantes. Porque, de quitado os comestibles habituais, os elementos figurados podían variar dunha viaxe para outra.

Para mercancia tan diversa, o panadeiro fantástico utilizaba dous tipos de cartos... Euros para os produtos de alimentación e diñeiro de así coma quen para os de ficción. As nenas e os nenos sabían moi ben e eran os

seareiros máis asiduos. Unha vez, Celia de Vilar de Barrio atreveuse a pedir...

–... unha fada con vestido de organdí.

–Esta noite vai aparecer en soños para ti (contestoulle)

Había quen mercaba trasgos enredadores, pordosoles de cores, zoares de marta-bela, escintilos de estrela... Na furgoneta de Fonso cabían todo tipo de mercadorías fantásticas. Por esa razón, resultou unha sorpresa cando un home de Maceda lle solicitou como algo especial...

–... un calendario de papel!

–Canto o sinto! Non encontro ningún no fardel...! (díxolle, despois de rebuscar nun saquiño secreto).

Nunca pensara que alguén chegase a soñar con ter un almanaque. Pero o certo é que o repartidor de ilusións marchou moi preocupado; porque era a primeira vez que non dispuña de xénero para satisfacer o antollo dun comprador.

Cadraba que, o forneiro, ademais de ser especialista en derivados dos cereais, tamén compuña versos. E

pensou que este regalo, simple e especial ó mesmo tempo, debería levar a súa marca persoal. Deste xeito, pouco a pouco, foi deseñando na pantalla do seu ordenador os doce meses; coas súas catro lúas, as súas semanas, os seus días santos encarnados e os seus días soltos negros. E, en cada páxina, reservou un cadriño para escribir unha poesía. Despois, gravou o documento nun lapis de memoria e acercouse a unha copistería para que llo imprimisen e llo grampasen.


Chegado o momento do reparto, regaloullo satisfeito ó amante dos calendarios.

–Que gana teño de velo colgado na parede!, (exclamou moi contento o home de Maceda).

Vendo o resultado, o panadeiro mandou imprimir exemplares para felicitar o ano novo a toda a súa clientela. Na miña casa sempre lle encargabamos os roscóns e as bicas e tamén nos trouxo un. E, como haberá xente que xa non se acorde das rimas de Fonso das Chás, velaquí aquela ducia de poemas...







JUNIO 2002

1	Sábado	San Xoán
2	Domingo	San Xoán
3	Luns	San Xoán
4	Martes	San Xoán
5	Miércoles	San Xoán
6	Xoves	San Xoán
7	Venres	San Xoán
8	Sábado	San Xoán
9	Domingo	San Xoán
10	Luns	San Xoán
11	Martes	San Xoán
12	Miércoles	San Xoán
13	Xoves	San Xoán
14	Venres	San Xoán
15	Sábado	San Xoán
16	Domingo	San Xoán
17	Luns	San Xoán
18	Martes	San Xoán
19	Miércoles	San Xoán
20	Xoves	San Xoán
21	Venres	San Xoán
22	Sábado	San Xoán
23	Domingo	San Xoán
24	Luns	San Xoán
25	Martes	San Xoán
26	Miércoles	San Xoán
27	Xoves	San Xoán
28	Venres	San Xoán
29	Sábado	San Xoán
30	Domingo	San Xoán
31	Luns	San Xoán

Veigachá

Viva a terra das cuncas!
 Vivan as olas!
 De Nodaiga a Tioira,
 cen fumarolas.

Vivan os alfareiros!
 Que viva a axila!
 Entre cantos e rosas,
 Cimadevila.



ABRIL 2002

1	Luns	San Xosé
2	Martes	San Xosé
3	Miércoles	San Xosé
4	Xoves	San Xosé
5	Venres	San Xosé
6	Sábado	San Xosé
7	Domingo	San Xosé
8	Luns	San Xosé
9	Martes	San Xosé
10	Miércoles	San Xosé
11	Xoves	San Xosé
12	Venres	San Xosé
13	Sábado	San Xosé
14	Domingo	San Xosé
15	Luns	San Xosé
16	Martes	San Xosé
17	Miércoles	San Xosé
18	Xoves	San Xosé
19	Venres	San Xosé
20	Sábado	San Xosé
21	Domingo	San Xosé
22	Luns	San Xosé
23	Martes	San Xosé
24	Miércoles	San Xosé
25	Xoves	San Xosé
26	Venres	San Xosé
27	Sábado	San Xosé
28	Domingo	San Xosé
29	Luns	San Xosé
30	Martes	San Xosé

Torre

Nunha noite –contaban– faras feitas,
 que un home aporrecu por cada pedra,
 que un dos seus paisadros, silandeiro,
 liña a entrada alá cerca de Outeiro.

que o ferro que quitaban arredor pertencía completa á teu señor.

e da infunde fardura de teu pezo,
 que remota á altura de Chatoas.

E agora roncamente aquí nos tes lembrando as túas lendas outra vez.



MAYO 2002

1	Miércoles	San Xoán
2	Xoves	San Xoán
3	Venres	San Xoán
4	Sábado	San Xoán
5	Domingo	San Xoán
6	Luns	San Xoán
7	Martes	San Xoán
8	Miércoles	San Xoán
9	Xoves	San Xoán
10	Venres	San Xoán
11	Sábado	San Xoán
12	Domingo	San Xoán
13	Luns	San Xoán
14	Martes	San Xoán
15	Miércoles	San Xoán
16	Xoves	San Xoán
17	Venres	San Xoán
18	Sábado	San Xoán
19	Domingo	San Xoán
20	Luns	San Xoán
21	Martes	San Xoán
22	Miércoles	San Xoán
23	Xoves	San Xoán
24	Venres	San Xoán
25	Sábado	San Xoán
26	Domingo	San Xoán
27	Luns	San Xoán
28	Martes	San Xoán
29	Miércoles	San Xoán
30	Xoves	San Xoán
31	Venres	San Xoán

Cabeza da Meda

Da Cabeza da Meda
 baixa o Inverno,
 con coriscos, xeadas
 e carambelos.

“Lagas, regas e pozas,
 vendo barato!
 Se me abrides a porta,
 facemos trato”.

E as boas pucharquitas
 mercan un cargamento
 de conxelados.







Debuxo realizado por:

Sara Prado Barrera
 e
 Cristina Prado Barrera



GALICIA
 Por Lopez, año
 de 1750.

llamaron Iethos Rio del Obispo. Se divide esta Provincia en cinco Diócesis
 I. San Tiago de Compostela, Capital, Arzobispado, y Universidad, permanece
 agua el Cuerpo del Apóstol San Tiago el mayor, y en esta Ciudad tubo origen
 el Orden de los Cavalleros de este Santo; la Corona residencia del Capitan
 General con Audiencia, Betanzos, Sta Maria de Finisterre, (villa que dio el nombre
 al famoso cabo, llamado antiguamente
Celucum & Artabrum
Promontorium) con de
 esta Diócesis II. Mondoñedo
 Obispado, pertenece á esta
 Diócesis el Puerto celebre
 del Ferrol, Castro de
 Ortegal, Vivero Ravado
 &c. III. Lugo, IACUS
 Auguú, Obispado,
 sobre el Rio Minio,
 comprehende a For
 to Maria, Montevie
 de Lemos &c. IV.
 Orreos, Aquas Ca
 lides Obispado, s
 bre el Rio Minio,
 con de esta Dio
 cesis Viana, Mon
 te Rey, &c. V.
 Tuy, Tude, Obi
 pado, sobre el
 Minio, Figo, Ponte
 vedra, Ruyona,
 y Soto-mayor,
 con de esta Diócesis
 &c.

MAR CANTABRICO



Escala de 20 leguas al grado

Galiccia Provin-
 cia de España,
 con título de Rey-
 no, los Romanos
 la llamaron Gala-
 cia á causa de sus
 antiguos habitantes,
 que se llamaban
 Galacios. Tiene sus
 terminos esta Provin-
 cia, por el Norte y Oeste,
 con el Oceano, por el
 Este con Asturias, y por
 el Sur con Portugal, y el
 Rio Minio que en parte la
 separa. Tiene 50 leguas de
 largo, y 42 de ancho, Corren
 por esta Provincia los Rios
 Minio, Ulla, Tumbra, Mandos,
 y Lama que los antiguos Poetas

